

PROTECCIÓN DE DATOS E AUTORIZACIÓNS

1. De acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, **informámolo/a do seguinte:**

O Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela dispón dun ficheiro para o tratamento de datos de carácter persoal no que se incluírán os seus datos, tanto profesionais coma persoais, logo de ser dado/a de alta neste colexio.

Este colexio entenderá outorgado o seu consentimento para o tratamento dos seus datos coa única finalidade de manter e controlar a relación profesional existente, salvo que vostede nos comunique o contrario.

A finalidade deste ficheiro é simplemente organizativa, para o control administrativo e contable, así como para o posterior mantemento das relacións profesionais existentes. O seu uso e destino comprenden exclusivamente o ámbito da actividade colexial e a daqueles organismos administrativamente afíns (consellos nacional e autonómico da avogacía, xulgados, Dirección Xeral de Xustiza, etc.).

Os formularios facilitados para solicitar a alta colexial conteñen preguntas con respostas que poden ter carácter obrigatorio ou facultativo.

De carácter **obligatorio** son:

- Nome, apelidos e DNI
- Enderezo profesional, teléfono e fax
- Datos académicos
- Datos bancarios (domiciliación bancaria de cotas colexiais)
- Indicar se exerce algunha actividade incompatible coa avogacía
- Alta no IAE, RETA ou Mutualidade

A falta dalgún dos datos indicados anteriormente impedirá a tramitación do expediente de colexiación.

Todo letrado/a adscrito a este colexio de avogados ten a posibilidade de exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición a este ficheiro. Para iso deberá dirixirse á sede do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, no enderezo: rúa de Eduardo Pondal, 4, baixo, de Santiago de Compostela.

O responsable do tratamento destes ficheiros será o Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela.

2. A persoa solicitante **presta o seu consentimento** expreso para que o Colexio de Avogados de Santiago de Compostela inclúa ademais o nome, apelidos, enderezo, actividade, número de colexiado/a, teléfono profesional, fax e correo electrónico nas guías colexiais e naquelas outras listas ou censos profesionais considerados como fontes de acceso público. Así mesmo, a persoa solicitante presta o seu consentimento para que lle sexa enviada a publicidade ou información que a Xunta de Goberno considere de interese para os colexiados/as.

A persoa solicitante **autoriza** o Colexio de Avogados de Santiago de Compostela a que acceda aos rexistros de titulacións universitarias e profesionais dos ministerios de Educación e Xustiza co fin de realizar as comprobacións necesarias en relación co seu expediente de colexiación.

A persoa solicitante **autoriza** expresamente a que se inclúa a súa foto na guía colexial que publica o Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela.

Si Non

Como proba de conformidade, asina este documento despois de ser lido.

Santiago de Compostela, ____ de _____ de 20 ____

[Sinatura]